



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2022/G003/001157

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (APROBACIÓN PARTICIPANTES POSTOS VACANTES MERCADO MODERNISTA 2022)

### ANTECEDENTES

Primeiro.- O Concello de Sada publicou as bases para cubrir os postos vacantes do Mercado Modernista na páxina web e na sede electrónica o día 19 de xullo, cun prazo de presentación que finalizou o pasado 22 de xullo.

Segundo.- Estableceuse a exención do cobro de taxas ás persoas participantes na convocatoria, en virtude do artigo 2 da Ordenanza fiscal municipal nº 16 reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreo de uso público, industrias da rúa e ambulantes e rodaxes cinematográficas.

Terceiro.- A Concelleira de Cultura presenta unha proposta para a aprobación de 4 solicitudes admitidas, tras a revisión da documentación segundo os criterios de valoración recollidos nas bases.

Por todo o que antecede e segundo a competencia que lle outorga o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

### RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte relación de participantes admitidos nos postos vacantes do Mercado Modernista 2022.

| SOLICITANTE                          | NIF       | PRODUTO    |
|--------------------------------------|-----------|------------|
| M <sup>a</sup> del Carmen Rey        | ***7101** | Playmobil  |
| Sandra García                        | ***5717** | Bebidas    |
| Miraxes, S.L.                        | ***8223** | Xeados     |
| M <sup>a</sup> del Carmen Villaverde | ***0991** | Coctelería |

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Segundo.- Aprobar a colocación dos seus propios postos en zona próxima ao Mercado Modernista ás asociacións sen ánimo de lucro Agaela e Xuntos As Mariñas.

Terceiro.- Autorizar a ocupación dos postos correspondentes con axuste ás condicións establecidas polas bases reguladoras da actividade, polo que as persoas autorizadas deberán respectar os horarios de montaxe, desmontaxe e de venda ao público dentro das datas de celebración do Mercado Modernista.

Terceiro.- Eximir de taxas ás persoas participantes en virtude do punto 2 da Ordenanza fiscal nº 16, reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreo de uso público, industrias da rúa e ambulantes e rodaxes cinematográficas.

Cuarto.- Publicar a presente resolución na páxina web municipal [www.sada.gal](http://www.sada.gal) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Quinto.- Contra esta resolución, definitiva en vía administrativa, as persoas afectadas poden interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción de esta notificación, ou ben interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo da Coruña, durante o prazo de 2 meses contados a partir do día seguinte ao de recepción desta notificación. Se optasen por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio, transcorrido un mes desde a súa interposición sen resolución expresa. Non obstante, poderá exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Sada, na data da sinatura dixital

O Alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

---

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).